

2. TRADUCE AO LATÍN:

Semper: sempre

As escravas levan o diñeiro á casa	
A nena camiña cara ao xardín	
<i>Ancillae sumus, semper laboramus. Cibum paramus et epistulas portamus. Dominum non amamus.</i>	
<i>Nuntius ad insulam navigat. Epistulam portat. In villam ambulat. Nuntium saluto. Servos voco. Servi cibus parant.</i>	
<i>Dominus servum non amat. Servus contra dominum semper pugnat. Dominus servum vocat. Servus in villam ambulat. Dominus servum necat.</i>	

MÁIS CASOS: XENITIVO, DATIVO, ABLATIVO (1ª E 2ª DECLINACIÓN)

XENITIVO

O **xenitivo** é o caso por excelencia para o complemento do nome; adoita a significar “de + (sustantivo declinado)”. Se vos serve, o ‘s do inglés chámase xenitivo saxón e, como vedes, indica posesión.

No dicionario, os substantivos veñen enunciados co nominativo e xenitivo do substantivo, porque así sabemos cal é a declinación.

	Desinencias 1ª	Exemplo: <i>puella</i> "rapaza"	Desinencias 2ª	Exemplo: <i>dominus</i> "señor"
Gen. S.	-ae	<i>puell-ae</i> ⁴	-i	<i>domin-i</i>
Gen. P.	-arum	<i>puell-arum</i>	-orum	<i>domin-orum</i>

EXERCICIOS

1. IDENTIFICA OS XENITIVOS NA ORACIÓN. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

<i>Servus domini semper laborat</i>	
<i>Dominis insularum nunc est</i>	
<i>Puellae equum nuntii amant</i>	
<i>Contra amicos Romae non pugnamus</i>	
<i>Ancilla gladios nuntiorum in hortum portat</i>	

2. TRADUCE AO LATÍN

Saudamos ao dono da casa	
A escrava sempre leva as cartas das mulleres	
Ti levas o diñeiro das nenas	
A nena non saúda aos escravos do dono	
Chamo ao dono dos escravos	

⁴ Non confundir o xenitivo da primeira e da segunda declinación co plural de nominativo. Verédelo polo contexto: se xa se falou dese substantivo en singular, se o caso nominativo xa está ocupado por outro substantivo, polo número do verbo, polo significado da palabra...

Exemplo: *servus domini non laborat*. Sabemos que *domini* é xenitivo porque o verbo está en singular e xa hai un substantivo que pode ocupar a función de suxeito.

DATIVO

O **dativo**, entre outras funcións, ten a de ser o complemento indirecto: representa a alguén afectado pola acción do verbo, ser o seu obxecto directo. Traducimos como “a/para + (sustantivo)”.

	Desinencias 1ª	Exemplo: <i>puella</i> “rapaza”	Desinencias 2ª	Exemplo: <i>dominus</i> “señor”
Dat. S.	-ae	<i>puell-ae</i> ⁵	-o	<i>domin-o</i>
Dat. P.	-is	<i>puell-is</i>	-is	<i>domin-is</i>

Ex.: Doulle diñeiro á escrava: diñeiro sería o complemento directo, escrava sería o complemento indirecto.

Hai unha excepción neste caso, que se debe á necesidade de diferenciar os xéneros: o dativo plural de *dea* é *deabus*. Úsase para non confundir con *deis*, o plural masculino.

EXERCICIOS

Do, dedi, datum, dare: dar

1. IDENTIFICA OS DATIVOS NA ORACIÓN. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

<i>Puella cibum feminae dat.</i>	
<i>Servi equum domino nunc parant.</i>	
<i>Ancilla epistulas servo dat.</i>	
<i>Equos nuntiis paramus.</i>	
<i>Feminae cibum deis et deabus dant.</i>	

2. TRADUCE AO LATÍN:

Preparo espadas para os mensaxeiros.	
Os donos non preparan comida para os escravos.	
A rapaza dálle unha carta á muller.	

⁵ Non confundir co plural de nominativo nin o xenitivo. Verédelo polo contexto.

Sempre lle dades diñeiro e comida á deusa.	
Dámoslle o diñeiro da muller aos escravos.	

ABLATIVO

O **ablato** pode significar, sen preposición, “por, con (no sentido de instrumento: cunha espada, por exemplo”. A mesma palabra comeza polo prefixo *ab-*, que indica separación, o cal nos dá unha pequena idea dos posíbeis significados.

Unha pista importante para identificar o ablativo é que, moitas veces, vai con preposición. Non é unha regra fixa (xa veremos, máis adiante, a construción de Ablativo Absoluto, por exemplo), pero axuda no caso de non ter claro o caso.

	Desinencias 1ª	Exemplo: <i>puella</i> “rapaza”	Desinencias 2ª	Exemplo: <i>dominus</i> “señor”
Ab. S.	-ā	<i>puell-ā</i> ⁶	-o	<i>domin-o</i>
Ab. P.	-is	<i>puell-is</i>	-is	<i>domin-is</i>

PREPOSICIÓNS CON ABLATIVO

A (+consoante) / *Ab* (+vogal ou h) desde (fóra) de

E (+consoante) / *Ex* (+vogal ou h) desde (dentro) de

Cum con

In en

É moi importante notar a diferenza entre *in* + Acc. e *in* + Ab.: a primeira, como vimos, significa cara a un lugar (dynamismo); a segunda, estar nun lugar (estatismo).

Ex. *in villam*: cara á casa; *in villa*: na casa.

⁶ A diferenza co nominativo singular é que esta é longa. Ás veces os textos non marcan esta a longa: terédelo que deducir polo contexto nese caso.

EXERCICIOS

1. IDENTIFICA OS ABLATIVOS NA ORACIÓN. TRADUCE AO CASTELÁN OU GALEGO:

<i>Est nuntius in villa</i>	
<i>Puellae feminam gladiis necant</i>	
<i>Amicus ab insula nunc navigat</i>	
<i>Ex horto cum amicis ambulatis</i>	
<i>Servi dominum e villa portant</i>	
<i>Non sunt villae in insula</i>	
<i>Feminae in horto cum puellis ambulant</i>	
<i>Dominus contra amico gladio pugnat</i>	
<i>In horto semper laboras</i>	
<i>Puella a villa nunc ambulat</i>	

2. TRADUCE AO LATÍN:

Hai mensaxeiros no xardín.	
Os escravos preparan a comida coas escravas.	
Camiño cara ao xardín cos meus amigos.	
Navegamos desde (a/ab) a illa co noso dono.	
Os amigos camiñan fóra (e/ex) da casa.	